

## LIMIAR

---

### *Introduction*

*CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* é un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que dende 2016 publica traballos académicos dos investigadores máis novos do ámbito da Filoloxía Galega, entendida esta nun senso amplo.

Este novo Vol. 6 de *CUMIEIRA* (2021) recolle cinco investigacións: dúas son de análise literaria, outras dúas ofrecen estudos sobre o alcume e o léxico raiano e unha quinta describe contrastivamente o funcionamento dalgunhas locucións prepositivas en galego e castelán.

Certamente, a publicación ábrese co artigo de Abraham Castro García, quen examina a obra *Retorno a Tagen Ata* (1971) de Méndez Ferrín desde o materialismo histórico, entendendo a orixe e estrutura do relato determinadas polo seu servizo social, como medio a través do que difundir o novo nacionalismo galego do momento. Vén a seguir o estudo de Ángela Otero Fontán sobre as características lingüísticas dos 243 alcumes recollidos por ela na parroquia canguesa de Darbo, o que lle serve para reflexionar sobre o propio concepto de *alcume*, a súa orixe e clasificación, e a súa relación co nome propio. Pola súa parte, Nuria Bouzas Antas analiza e contrasta a imaxe que sobre Galicia ofrece o xornalista arxentino Arlt en 1934 nas súas crónicas para o bonaerense *El Mundo* recollidas en *Aguafuertes gallegas*, unha visión que se distancia dos tópicos que se foran fixando dende o século XVI, ben que tamén se asemella a ela nalgún outro aspecto. Segue a investigación xeolingüística asinada por Fernando Groba Bouza sobre as características do léxico raiano galego-portugués, que selecciona e transcribe a partir de testemuños orais de persoas que aparecen en diferentes documentais sobre a vida nesta zona fronteiriza. O volume péchase co traballo de Antonio Martín Piñero, que aborda de xeito contrastivo a rendibilidade e os posibles motivos pragmáticos da variación nas preposicións que aparecen nas locucións creadas a partir dos substantivos *base* e *respecto*, tanto en galego coma castelán.

No Vol. 6 de *CUMIEIRA* (2021) fixeron parte da Comisión de revisión científica, Anxo Angueira, Xosé-Henrique Costas, Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo. *CUMIEIRA* quere agradecer tamén a Benigno F. Salgado a revisión da versión inglesa dos *abstracts*.

Dende o seu número inicial, *CUMIEIRA* tira unha edición en papel, que se envía ás principais bibliotecas galegas (UVigo, USC, UdC, ILG, Fundación Penzol, RAG, Consello da Cultura Galega, CIRP, EMAO e Museo de Pontevedra) e mais ás das facultades de filoloxía das Universidades do Minho, Complutense, de Salamanca, de Oviedo e de León. Ademais, estes volumes poden descargarse gratuitamente en PDF no enlace <<http://webh03.webs.uvigo.es/cumieira-cadernos-de-investigacion-da-nova-filoloxia-galega-2/>>.

Non queda senón lembrar que as páxinas desta publicación están abertas a calquera traballo de novos investigadores e investigadoras no ámbito da lingua e literatura galegas, lusófonas e tamén doutras linguas, sempre que resulten de interese para o galego. No final deste volume poden verse as *Normas* que deben seguir para o seu envío.

Xosé A. Fernández Salgado  
Editor de *CUMIEIRA*  
Universidade de Vigo